



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	A Construción Histórica do Sistema Educativo: Políticas Educativas, Reformas e Dirección de Centros		Código	652536016	
Titulación	Máster Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares				
Descriptorios					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación		Correo electrónico			
Profesorado	,	Correo electrónico			
Web					
Descrición xeral	<p>A dirección de centros educativos é un dos temas máis complexos e controvertidos no campo educativo actual. As causas hai que buscalas mesmo na velocidade dos cambios no sistema educativo, como na indefinición dunha figura transcendental para o bó funcionamento dun centro escolar. A todo iso hai que engadir o incremento das responsabilidades que nos últimos anos se teñen sumado en forma de esixencias legislativas e formativas, que hai que unir ás demandas de renovación das técnicas de xestión organizativa necesarias para desenvolver a función directiva con eficacia e eficiencia; de maneira que poida axustarse ás novas demandas institucionais, sociais e educativas, que se lle veñen esixindo de maneira persistente. Estás son algunhas das razóns que explican a orientación da materia ?A construción Histórica do sistema educativo: políticas educativas, reformas e dirección escolar?. A formación, información e profesionalización dos directores escolares, xestores e docentes, garantindo o coñecemento, orixe e natureza da súa función, así como a súa preparación para o exercicio dunha das funcións que representan un factor fundamental de calidade de calquera organización educativa. Esixencias plantexadas para o mellor desenvolvemento da autonomía dos centros, a rendición de contas no uso dos recursos e o reforzo da capacidade de xestión na dirección dos centros.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	E1: Examinar e interpretar a normativa aplicable aos centros docentes.
A4	E4: Detectar necesidades de formación continua e propiciar respostas a nivel institucional como requisito asociado á mellora educativa.
A5	E5: Xustificar, planificar, propoñer e desenvolver programas de mellora da convivencia nos centros docentes.
A6	E6: Desenvolver, entre as propostas de boas prácticas, un liderado acorde coas necesidades dos centros educativos.
A8	E8: Redactar, presentar e defender proxectos de investigación e informes, memorias, regulamentos, así como outros documentos básicos que contribúan a organizar a acción escolar.
A13	E13: Promover procesos de investigación-acción nos centros docentes e desenvolver a innovación educativa.
A14	E14: Xustificar a organización dos centros escolares por proxectos.
A18	E18: Organizar os recursos humanos, espaciais e temporais dos centros docentes.
A20	E20: Desenvolver a xestión económica e administrativa dun centro docente.
A21	E21: Valorar as habilidades sociais e emocionais na xestión dos centros docentes.
A23	E23: Desenvolver a autonomía, transparencia e rendición de contas nos centros docentes.
A28	E28: Argumentar a xestión por procesos nos centros docentes.
A32	E32: Definir obxectivos, tendo en conta os recursos e a organización dos centros docentes.
A34	E34: Describir situacións que suceden nun centro docente en relación coa súa dirección.
A36	E36: Establecer un compromiso ético deontolóxico a través dunha vinculación consecuente cos valores éticos da institución e institucionais e xestionar o centro de acordo cos principios éticos coherentes cun sistema democrático.
A37	E37: Coñecer as políticas, os modelos e as prácticas igualitarias de calidade e innovación educativa, para poder implementalas e promoverlas nas institucións educativas.



A38	E38: Analizar e interpretar desde técnicas multinivel os caracteres máis relevantes dos sistemas educativos, desde un contexto transnacional global que permita comparacións complexas no ámbito da dirección e supervisión educativa.
A39	E39: Dispoñer dos marcos teóricos das políticas internacionais de educación, que posibiliten unha eficaz transferencia de boas prácticas para o sistema educativo español.
B1	CB6: Posuír e comprender coñecementos que achen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, en moitas ocasións nun contexto de investigación.
B3	CB8: Que o estudiantado sexa capaz de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	CB9: Que o estudiantado saiba comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B6	G1: Analizar, organizar, xestionar e interpretar a información e a toma de decisións.
B10	G5: Organizar, xestionar e coordinar un centro docente.
B11	G6: Controlar e supervisar centros educativos.
B13	G8: Comunicar obxectivos e estratexias educativas.
C1	T1: Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas línguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	T3: Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercizo da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	T4: Desenvolverse para o exercizo dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero.
C5	T5: Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	T7: Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.
C8	T8: Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
---------------------------	--



A1E1: Examinar e interpretar a normativa aplicable aos centros docentes.	AM1	BM1	CM1
A4 E4: Detectar necesidades de formación continua e propiciar respostas a nivel institucional como requisito asociado á mellora educativa.	AM4	BM3	CM3
A5 E5: Xustificar, planificar, propoñer e desenvolver programas de mellora da convivencia nos centros docentes.	AM5	BM4	CM4
A6 E6: Desenvolver, entre as propostas de boas prácticas, un liderado acorde coas necesidades dos centros educativos.	AM6	BM6	CM5
A8 E8: Redactar, presentar e defender proxectos de investigación e informes, memorias, regulamentos, así como outros documentos básicos que contribúan a organizar a acción escolar.	AM8	BM10	CM7
A13 E13: Promover procesos de investigación-acción nos centros docentes e desenvolver a innovación educativa.	AM13	BM11	CM8
A14 E14: Xustificar a organización dos centros escolares por proxectos.	AM14	BM13	
A18 E18: Organizar os recursos humanos, espaciais e temporais dos centros docentes.	AM18		
A20 E20: Desenvolver a xestión económica e administrativa dun centro docente.	AM20		
A21 E21: Valorar as habilidades sociais e emocionais na xestión dos centros docentes.	AM21		
A23 E23: Desenvolver a autonomía, transparencia e rendición de contas nos centros docentes.	AM23		
A28 E28: Argumentar a xestión por procesos nos centros docentes.	AM28		
A32 E32: Definir obxectivos, tendo en conta os recursos e a organización dos centros docentes.	AM32		
A34 E34: Describir situacións que suceden nun centro docente en relación coa súa dirección.	AM34		
A36 E36: Establecer un compromiso ético deontolóxico a través dunha vinculación consecvente cos valores éticos da institución e institucionais e xestionar o centro de acordo cos principios éticos coherentes cun sistema democrático.	AM36		
A37 E37 :Coñecer as políticas, os modelos e as prácticas igualitarias de calidad e innovación educativa, para poder implementalas e promovelas nas institucións educativas.	AM37		
A38 E 38 : Analizar e interpretar desde técnicas multinivel os caracteres máis relevantes dos sistemas educativos, desde un contexto transnacional global que permita comparacións complexas no ámbito da dirección e supervisión educativa.	AM38		
A 39 E39 : Dispoñer dos marcos teóricos das políticas internacionais de educación, que posibiliten unha eficaz transferencia de boas prácticas para o sistema educativo español.	AM39		
B1 CB6: Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, en moitas ocasións nun contexto de investigación.			
B3 CB8: Que o estudiantado sexa capaz de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.			
B4 CB9: Que o estudiantado saiba comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.			
B6 G1 :Analizar, organizar, xestionar e interpretar a información e a toma de decisións.			
B10 G5: Organizar, xestionar e coordinar un centro docente.			
B11 G6: Controlar e supervisar centros educativos.			
B13 G8: Comunicar obxectivos e estratexias educativas.			
C1 T1: Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			
C3 T3: Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercizo da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			
C4 T4: Desenvolverse para o exercizo dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero.			
C5 T5: Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.			
C7 T7: Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.			
C8 T8: Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			



Contidos	
Temas	Subtemas
1.- Ordenamento xurídico español. Normativa estatal e autonómica. 2.- Procedemento administrativo común. Normativa autonómica sobre procedemento administrativo. 3.- Leis e regulamentos educativos. 4.- A dirección de centros no sistema educativo español: orixe, evolución e realidades. 5.- Marco legislativo da dirección de centros: ámbitos e funcións. 6.- A dimensión social e ideolóxica da dirección de centros nas políticas educativas. 7.- A dirección de centros educativos nos sistemas educativos europeos.	3.1.- Réxime xurídico aplicable ao centro docente e aos seus órganos colexiados. 3.2.- Normativa aplicable ao personal funcionario e laboral. 3.3.- Normativa orzamentaria, financeira, de contratación pública e de responsabilidade civil. 3.4.- Normativa relativa ao menor. 3.5.- Normativa de protección de datos e a súa aplicación aos centros docentes.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A4 A36 A37 A38 A39 B3 B6 B13 C1 C3 C7 C8	2	0	2
Lecturas	C4	0	8	8
Sesión maxistral	A37 A38 B6 B13 C7 C8	7	9	16
Traballos tutelados	A6 A23 A37 A38 B3 B4 B6 B10 B11 B13 C4 C7	3	15	18
Presentación oral	A37 A38 B1 B3 B4 B10 B13 C1 C4 C7 C8	2	10	12
Aprendizaxe colaborativa	A8 A13 A18 A20 A21 A32 A34 A37 A38 A39 B1 B3 B4 B13 C1 C4 C7 C8	3	6	9
Análise de fontes documentais	A1 A5 A14 A28 B1 B4 C5	3	6	9
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Nas primeiras sesións de clase levaranse a cabo actividades de carácter expositivo, por parte do profesor, nas que se presentará o programa da materia e mesmo a dinámica metodolóxica establecida para o mellor desenvolvemento da mesma.
Lecturas	Propóñense unha serie de lecturas obrigatorias dun conxunto de textos xunto con unha documentación que o alumnado tera que ler en todos os casos, para proceder logo a recensionar aqueles que oportunamente se lles indicará
Sesión maxistral	Faráse unha exposición oral dos temas da guía coa introducción dalgunhas preguntas aos estudantes coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.



Traballos tutelados	Referidos expresamente a elaboración dun traballo de iniciación na investigación educativa. O alumnado responsabilizarase do traballo e a súa posterior redacción seguindo unhas pautas que se lles irán indicando a través dun seguimento preciso e pautado. Estes traballos poden realizarse en pequeno grupo constituído por un máximo de seis membros.
Presentación oral	Exposición de traballos realizados diante do grupo de referencia, procurando presentar, analizar e tirar conclusións sobre o problema investigado, o documento ou a experiencia abordada
Aprendizaxe colaborativa	Parte da idea de que os estudantes traballan xuntos para aprender e ao tempo son responsables mesmo da súa propia aprendizaxe como da dos seus compañeiros. Non se opón ao traballo individual. Máis ben debe entenderse como unha estratexia de aprendizaxe complementaria que tenta fortalecer o desenvolvemento global do alumno.
Análise de fontes documentais	Supón a utilización de distintos tipos de documentos e fontes relevantes para o estudo da materia que permitan proceder a realizar unha análise e unha posterior utilización na explicación dos procesos educativos e do tratamento dos distintos procesos sociais que arredor dela se desenvolven

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Tanto as sesións maxistras como a análise de fontes documentais, os traballos tutelados e a atención personalizada serán obxecto dunha atención individualizada coa finalidade de facer un seguimento personalizado de cada alumno e alumna, tanto do seu traballo como das distintas actividades de aprendizaxe programadas. Neste senso convén ter presente o que sobre a avaliación e a asistencia queda reflectido no apartado 7 desta guía. De maneira especial todo o que ten que ver coa realización da proba de ensaio e a avaliación. En calquera caso para unha mellor e máis axustada atención personalizada as alumnas e alumnos que teñan o recoñecemento de asistencia parcial deberán pasar pola titoría obrigadamente nos primeiros días do cuadrimestre para establecer unha dinámica de traballo específica e individualizada.
Presentación oral	
Traballos tutelados	
Actividades iniciais	
Análise de fontes documentais	
Sesión maxistral	Para a segunda oportunidade de avaliación(Xullo) mantéñense as cualificacións aprobadas, de maneira que o alumno só deberá repetir aquelas que non fosen superadas

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A37 A38 B1 B3 B4 B10 B13 C1 C4 C7 C8	Exposicións e defensa de traballos realizados, mesmo de maneira individual como ou grupal, diante do grupo de referencia, procurando tirar conclusións sobre a problemática investigada, documento ou experiencia abordada.	40
Traballos tutelados	A6 A23 A37 A38 B3 B4 B6 B10 B11 B13 C4 C7	Trátase de facer un traballo de iniciación á investigación. Esixe por parte do alumnado un grao de responsabilidade consonte cos obxectivos e a calidade que debe presidir este tipo de traballo. No seu momento facilitaránse unhas pautas que permitirán a elaboración do mesmo, que se complementará cun seguimento titorial individualizado. Pode ter carácter grupal e /ou individual.	60

Observacións avaliación



- A asistencia as clases é obrigatoria e será obxecto de control. O límite de asistencia mínimo é do 80%.

-

Calquera circunstancia persoal que poida alteirar o seguimento da materia por parte do alumnado deberá ser comunicada ao profesor para a súa oportuna e axeitada consideración.

- As faltas de asistencia puntuais non precisan ser xustificadas mentres non excedan o 20% do total.

- Para segunda oportunidade de avaliación, no mesmo curso consérvanse as notas das partes que o alumnado teña superadas, debendo realizar unicamente as non superadas.

-

Para o alumnado que teña o recoñecemento de dedicación a tempo parcial segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO

DOS ESTUDANTE DE GRAO NA UDC?-concretamente o Art. 3 (apartados a, b, c)

e o Art. 4. (apartado 5) de 29/05/2012-, EXCEPCIONALMENTE e para o alumnado a tempo parcial, establécese que se a asistencia no acadada o mínimo do 80%, ademais dos traballos obrigatorios que con carácter individual en cada caso particular se especifiquen nas primeiras semanas do cuadrimestre, este alumnado realizará tamén unha proba de ensaio con carácter obrigatorio ao final do mesmo na data sinalada oficialmente. Esta proba, nestes

casos específicos, terá un valor do 50% do total da nota final. Igual que no caso do alumnado con dedicación a tempo completo para a segunda oportunidade de avaliación, no mesmo curso, consérvanse as notas das partes que o alumnado teña superadas, debendo realizar unicamente as non superadas.

- Para superar a materia é necesario ter aprobados os dous apartados correspondentes mesmo para o caso dos alumnos asistentes a tempo completo como para os que teñan o recoñecemento de asistencia parcial. Estás condicións mantéñense ao longo do curso en todas as convocatorias.

- Gardaranse as partes superadas da materia de unha convocatoria a outra dentro do mesmo curso académico.

- Mentres se estea no proceso de elaboración dos traballos tutelados é obrigatorio pasar pola titoría cando menos unha vez.

- No relativo á realización fraudulenta (plaxio) das probas de avaliación, a cualificación axustarase ao establecido no artigo 14. 4. Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: "Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento".

Excepcionalmente, no caso de que o estudante, por razóns debidamente xustificadas, non puidera realizar todas as probas de avaliación continua, o profesor adoptará as medidas que considere oportunas para non prexudicar a súa cualificación



Bibliografía básica

- Doc 1. ESTEVE, J.M (1998) La aventura de ser maestro. En Cuadernos de Pedagogía, nº 266, febrero, pp 46-50, <https://dialnet.unirioja.es/servlet/revista?codigo=378>
- Doc 2. PÉREZ, A.I. (2002). Las finalidades de la educación. En J. Torreblanca (coord.), Los fines de la educación. Una reflexión desde la izquierda. Madrid: Biblioteca Nueva, pp. 25-39.
- Doc 3. CARBONELL, J. (1996). Funciones sociales de la escuela. En La escuela entre la utopía y la realidad. Barcelona: Euma-Octaedro, pp. 33-51.
- Doc 4. CARBONELL, J. (1996). Las reformas educativas. En La escuela entre la utopía y la realidad. Barcelona: Euma-Octaedro, pp. 221-249.
- Doc 5. TORRES SANTOMÉ, J. (2006). Los intentos de destrucción de la enseñanza pública. En La desmotivación del profesorado. Madrid: Morata, pp. 26-31.
- Doc 6. VIÑAO FRAGO, A. (1990). Organización interna. En Innovación pedagógica y racionalidad científica. La escuela graduada pública en España (1898-1936). Akal Universitaria, pp. 63-82
- Doc 7. VIÑAO FRAGO, A. (2001). La escuela graduada: una nueva organización escolar y pedagógica. En Cien años de educación en España. En torno a la creación del Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes. Madrid: Ministerios de Educación, Cultura y Deporte & Fundación BBVA.
- Doc 8. FERNÁNDEZ ENGUITA, M. (2001). Las transformaciones de la profesión. En Educar en tiempos inciertos. Madrid: Morata, pp.106-127.
- Doc 9. CARBONELL, J. (2006). El profesorado: el malestar y otros tópicos de una profesión cambiante. En La educación y su representación en los medios. Madrid: Morata, pp. 87-95.
- Doc 10. DELVAL, J. (2002). La integración de la escuela en la comunidad. En La escuela posible. Barcelona: Ariel, pp. 141-155.
- Doc 11. CARBONELL, J. (2008). ¿Qué profesorado para el siglo XXI? Conocimiento, compromiso y cooperación. En Una educación para mañana. Barcelona: Octaedro, pp. 109-123.
- Doc 12. MARTÍNEZ, M., TEY, A. (2007) El profesorado: profesión y compromiso ético. En Profesorado y otros profesionales de la educación. Barcelona: Octaedro, pp. 37-76
- Doc 13. BOLÍVAR, A. (2004). La educación secundaria en España. En busca de una inestable identidad. Revista Electrónica Iberoamericana sobre Calidad, Eficacia y Cambio en Educación, vol.2, nº1, <http://www.ice.deusto.es/rinace/riece/vol2n1/Bolivar.pdf>
- Doc 14. GIMÉNEZ URRACO, E., MARHUENDA FLUIXÁ, F. (2012) Fracaso, absentismo y abandono escolar: reconocer los límites del sistema para corregir y ofrecer alternativas que garanticen el derecho a la educación. En Temas educativos en el punto de mira. Madrid: Wolters Kluwer España/Educación, pp.187-219
- Doc 15. RODRÍGUEZ ROMERO, M.; MÉNDEZ GARCÍA, R.; IGLESIAS SALVADO, J.L. (2012) El profesorado de Educación Secundaria y los retos del presente: difuminando fronteras y participando en el mundo. En Temas educativos en el punto de mira. Madrid: Wolters Kluwer España/Educación, pp.301-333
- Doc 16. MARINA, J.A.; PELLICER, C.; MANSO, J. (2015) Libro blanco de la función docente y su entorno escolar, <http://www.mecd.gob.es/mecd/dms/mecd/destacados/libro-blanco/libro-blanco-profesion-docente.pdf>
- Doc 17. CARBONELL, J. (2015) 10 interrogantes sobre el libro blanco de la función docente de José Antonio Marina. En [eldiario.es](http://www.eldiario.es), http://www.eldiario.es/catalunya/educacion/interrogantes-proposito-blanco-profesion-docente_0_460904488.html
- Doc 18. ORDINE, N (2013) La Universidad-empresa y los estudiantes-clientes. En La utilidad de lo inútil. Manifiesto. Barcelona, Acontilado.



<p>Bibliografía complementaria</p>	<p>ALMEIDA, J. (1995): Sociología de la educación. Notas para un curso. Barcelona, Ariel. APPLE, M. W. (1996): Política cultural y educación. Madrid, Dykinson. BELTRAN, F. (1991): Política y reformas curriculares. Valencia, Universitat de Valencia. BENNER, D. (1998): Pedagogía como ciencia. Teoría reflexiva de la acción y reforma de la praxis. Barcelona, Pomares-Corredor. CARBONELL, J. (1996): La escuela entre la utopía y la realidad. Barcelona, Octaedro. CARR, W. (1995): Una teoría para la educación. Hacia una investigación educativa crítica. Madrid, Morata. CARREÑO, M.; COLMENAR, C.; EGIDO, I. e SANZ, F. (2000): Teorías e instituciones contemporáneas de educación. Madrid, Síntesis. CASTILLEJO, J. L.; CERVERA, A. e outros (1983): Teoría de la Educación I. El problema de la educación. Barcelona, Taurus. CASTILLEJO, J. L.; VAZQUEZ, G.; COLOM, A. J. e SARRAMONA, J. (1993): Teoría de la educación. Barcelona, Taurus. CENTRO DE INVESTIGACION, DOCUMENTACION Y EVALUACION (1992): El sistema educativo español. Madrid, Centro de Publicaciones del MEC-CIDE. COLOM, A. J. (coord.) (1997): Teorías e instituciones contemporáneas de la educación. Barcelona, Ariel. DELORS, J. (dir.) (1996): La educación encierra un tesoro. Madrid, Santillana. DELVAL, J. (1996): Los fines de la educación. Madrid, Siglo XXI. DEWEY, J. (1995): Democracia y educación. Madrid, Morata. ESCOLANO BENITO, A. (2002): La educación en la España contemporánea. Madrid, Biblioteca Nueva. ESTEVE, J. M. (1994): El malestar docente. Barcelona, Paidós. FERNANDEZ ENGUIITA, M. (1996): La escuela a examen. Madrid, Pirámide. FERNANDEZ SORIA, J. M. (2002): Educación y Estado en la España contemporánea. Madrid, Síntesis. FERRAZ LORENZO, M. (2005): Repensar la historia de la educación. Nuevos desafíos, nuevas propuestas. Madrid, Biblioteca Nueva. FERRERO, J. J. (1994): Teoría de la educación: Lecciones y lecturas. Bilbao, Univ. de Deusto. FILHO, L. (1964): Introducción al estudio de la Escuela Nueva. Buenos Aires, Kapelusz. GARCIA ARETIO, L. (1989): La Educación. Teorías y conceptos. Perspectiva integradora. Madrid, Paraninfo. GARCIA CARRASCO, J. e GARCIA DEL DUJO, A. (1996): Teoría de la educación. Salamanca, Univ. de Salamanca. GARCIA GARRIDO, J. L. (1993): Sistemas educativos de hoy. Madrid, Dykinson. GARCÍA INDA, A. (2018): Educar para el asombro. Bilbao, Ediciones Mensajero. GIMENO SACRISTÁN, J. (2003): El alumno como invención. Madrid, Morata. GIMENO SACRISTÁN, J e CARBONELL SEBARROJA, J. (Coords): El sistema educativo .Una mirada crítica. Barcelona, CISS-Praxis. GOMEZ RODRIGUEZ DE CASTRO, F. e outros (1988): Génesis de los sistemas educativos nacionales. Madrid, UNED. HALLIDAY, J. (1995): Educación, gerencialismo y mercado. Madrid, Morata. HARGREAVES, A. (1996): Profesorado, cultura y posmodernidad. Madrid, Morata. IMBERNON, F. (coord.) (1999): La educación en el siglo XXI. Los retos del futuro inmediato. Barcelona, Graó. MANZANARES, A. (coord.) (2012): Temas educativos en el punto de mira. Madrid, Wolters Kluwer/Educación. MEDINA, R.; RODRIGUEZ, T.; GARCIA, L. (1992): Teoría de la educación. Madrid, UNED. MOORE, T. W. (1987): Introducción a la teoría de la educación. Madrid, Alianza. ORDINE, Nuccio. (2013): La utilidad de lo inútil. Barcelona, Acantilado. PALACIOS; J. (1979): La cuestión escolar. Barcelona, Laia. POPKEWITZ, Th. S. (1994): Sociología política de las reformas educativas. Madrid, Morata. PUELLES BENITEZ, M. de (1980): Educación e ideología en la España contemporánea (1767-1975). Barcelona, Labor. RUIZ BERRIO, J. (dir.) (1997): La educación en tiempos modernos. Textos y documentos. Madrid, Ed. Actas. SARRAMONA, J. (2000): Teoría de la educación. Reflexión y normativa pedagógica. Barcelona, Ariel. SAVATER, F. (1997): El valor de educar. Barcelona, Ariel. SWAAN, A. de (1992): A cargo del Estado. Barcelona, Pomares-Corredor. TORRES SANTOMÉ, J (2107): Políticas educativas y construcción de personalidades neoliberales y neocolonialistas. Madrid, Morata. TIANA FERRER, A.; OSSENBACH SAUTER, G; SANZ FERNANDEZ, F. (coord.) (2002): Historia de la educación (Edad Contemporánea). Madrid, UNED. TRILLA, J. (1993): La educación fuera de la escuela. Barcelona, Ariel. VIÑAO FRAGO, A. (1982): Política y educación en los orígenes de la España contemporánea. Madrid, Siglo XXI. VIÑAO FRAGO, A. (1990): Innovación pedagógica y racionalidad científica. La escuela graduada pública en España (1898-1936). Madrid: Akal Universitaria. VIÑAO FRAGO, A (2004): Escuela para todos Educación y modernidad en la España del siglo XX. Madrid. Marcial Pons. VV.AA. (2003): La participación de los padres y madres en la escuela. Barcelona, Graó. VV.AA. (1995): Volver a pensar la educación. Madrid, Morata-Paideia. VV.AA. (2000): Pedagogías del siglo XX. Barcelona, CISS-Praxis. VV.AA. (2001): Cien años de educación en España. En torno a la creación del Ministerio de Instrucción Pública Bellas Artes. Madrid: Ministerio de Educación, cultura y deporte & Fundación BBVA.</p>
---	---

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións
<p>-Non se admitirán traballos que o profesor non teña pactado previamente co alumno/a ou non teña constancia da súa realización.-As datas de entrega dos traballos son inamovibles, agás casos excepcionais.-Para poder ser calificado/a e avaliado/a é necesario ter entregado todos os traballos esixidos. De faltar algunha das partes, o alumno/a figurará como NON PRESENTADO/A.-Os traballos escritos presentaránse a dobre cara, sen grapas e ben identificados (nome do alumno/alumna, curso, grupo, materia e nome do profesor/profesora, e sempre que conteñan referencias bibliográficas é imprescindible seguir as normas da APA que se poden encontrar aloxadas, entre outras, na seguinte dirección web: http://www.capitaleemocional.com/apa.htm-Non se recollerán traballos encadernados, con fundas de plástico, anillas ou deseños similares. É aconsellable facer copia do orixinal que se entregue e enviar por email unha copia ao profesor da materia- Titorías: Martes (16-19 h.) no despacho P0B7 (Telf. 981.167100, Ext. 4664).</p>

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías